

## O significado «escuro» na Canción «Donne ch'avete intelletto d'amore», de Dante

María Teresa Sanmarco Bande

### RESUMO

M<sup>a</sup> Teresa Sanmarco Bande analiza a canción XIX da *Vita Nuova*, de Dante, «Donne ch'avete intelletto amore». Na súa opinión, e apoiándose nos novos estudos sobre o tema, esta rima podería relacionarse co dobre sentido, o denominado sentido «escuro», que presentan as obras dos poetas italianos dos séculos XIII e XIV. Tras ofrecer uns apuntamentos centrados no ambiente histórico e social da época de Dante e na actitude política deste ó longo da súa vida, a autora realiza unha lectura interpretativa da canción, co fin de demostrar a existencia do tema político, agachado trala louvanza a Beatrice Portinari e tralos termos *stilnovisticos*.

### ABSTRACT

M<sup>a</sup> Teresa Sanmarco Bande analyses Song XIX of the *Vita Nuova*, by Dante, «Donne ch'avete intelletto amore». According to her, and taking into account the latest studies on the matter, this verse could be read on two levels (the so-called «dark» side being one), which appear in works by Italian poets of the 13th and 14th centuries. She focusses on the historical and social atmosphere in Dante's time and on Dante's political attitudes during his life. Finally, M<sup>a</sup> Teresa Sanmarco gives an interpretative reading of the Song so as to demonstrate the existence of a political theme behind the praise of Beatrice Portinari and the *Dolce Stil Novo* terminology.

### Introducción

A *Vita Nuova*, obra de xuventude de Dante Alighieri, foi escrita a finais do século XIII. Descoñecemos a data exacta de redacción, pero a crítica coincide en afirmar que as trinta e unha rimas das que consta foron compostas entre 1283 e 1292, mentres que a prosa que as une foi redactada con posterioridade (probablemente entre 1292 e 1293)<sup>1</sup>.

Esta autobiografía de argumento amoroso, presentada a xeito de exemplo da transformación que o Amor opera no ser humano, parte do momento no que Dante

1. Vid. G. Ferroni, *Storia della Letteratura Italiana, Dalle origini al Quattrocento*, Milano: Einaudi, 1991, pp. 171-175.

coñece a Beatrice Portinari para finalizar no compromiso, logo da morte da amada, de escribir unha obra digna de Beatrice (a *Divina Comedia*).

O ambiente místico-mítico deste escrito é favorecido pola vaguidade dos datos biográficos e o marco espacio-temporal. Isto, engadido a unha linguaxe de significado case impenetrable, fai que a *Vita Nuova* sexa considerada unha obra de grande complexidade.

A canción «*Donne ch'avete intelletto d'amore*», incluída na *Vita Nuova*, é unha coñecida composición de Dante, que Ferroni describe como «[...] vero e proprio manifesto delle «nove rime». È a questo punto che si affermano i caratteri più originali dello «stil novo» dantesco»<sup>2</sup>.

Novos estudos sobre este argumento, tratado en profundidade por Isabel González<sup>3</sup>, indican a existencia dun dobre sentido nas obras dos poetas *duetrecenteschi* italianos. Deste xeito, o contido de composicións tradicionalmente consideradas de tema amoroso podería ser analizado baixo unha perspectiva político-social.

No conxunto da obra dantesca e mesmo da produción poética na Escola do *Dolce Stil Novo*, esta composición parécenos un dos exemplos máis fermosos de *stilnovismo*. Pero, ó mesmo tempo, pensamos que é posible enmarcala no tema do sentido «escuro» na poesía italiana dos séculos XIII e XIV.

Unha primeira lectura, baixo a perspectiva do *Stilnovismo*, conduciunos a unha interpretación que parecía incompleta, especialmente se consideramos esta canción no conxunto da obra, xa que ó longo da *Vita Nuova* pódense percibir distintos aspectos que fan sospeitar a existencia dunha mensaxe de argumento ben diferente do amoroso.

Baseándonos nos estudos antes citados, consideramos que, sen dúbida, o ambiente político-social debeu ter un papel importante na redacción da *Vita Nuova*. Por iso, neste artigo pretendemos realizar unha análise da canción antes citada, tendo en conta o sentido «escuro» que se pode esconder na linguaxe empregada polo seu autor.

O seguinte apartado presenta unha panorámica histórica da época de Dante e, a continuación, ofreceremos unha posible interpretación da canción «*Donne ch'avete intelletto d'amore*», para rematar cunha breve conclusión.

2. Vid. G. Ferroni, *Storia della Letteratura...*, op. cit., p. 172.

3. A profesora Isabel González desenvolve este tema en artigos como «Doble sentido de algunas composiciones de la *Vita Nuova*», (*Actas del VI Congreso Nacional de Italianistas*, Madrid: 1994, v. I, pp. 297-305) e ó longo dos cursos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela nos últimos seis anos, nos que (baixo os títulos: «Il linguaggio secreto di Dante e dei suoi compagni di poesia», «Il significato scuro: Itinerario critico attraverso la lirica d'amore italiana medioevale» e «Definizione, essenza e natura d'amore nella *Vita Nuova*») fai unha nova lectura da poética dantesca nesta obra.

## Ambiente político e social<sup>4</sup>

### As loitas polo poder dos séculos XIII e XIV

O período correspondente á infancia de Dante transcorre axitadamente en medio das guerras que asolan Italia. Os pequenos núcleos de poder que constitúen os *Comuni* loitan entre si e as grandes casas reais europeas esperan alcanzar unha certa hexemonía neste fragmentado territorio. Todo isto, baixo a atenta mirada do Papado que pretende instituír un dominio «teocrático» sobre os seus fieis.

Establecérase desde había tempo un xogo de intereses, no que o Papa quería ter un papel protagonista, como protector espiritual de señores e reis. A complicada trama política e diplomática que se creara favoreceu, de certo, os intereses do Papado, posto que a situación de desorde e discordia reinantes non supoñía ningunha ameaza para este.

Desde finais do século XIII ata principios do século XIV, coincidindo aproximadamente cos anos nos que viviu Dante, prodúcense algúns cambios políticos de importancia, que de teren chegado a bo porto terían modificado notablemente o curso da Historia.

Arredor do ano 1310, estando xa a sede do Papado en Avignon desde 1304, o emperador Henrique VII, da casa alemana dos Hohenstaufen, pactou co papa Clemente V a súa intervención en Italia. Pretendía facer cesar as loitas entre as faccións güelfa e xibelina nas que se dividiran desde había tempo as cidades italianas, obrando ó mesmo tempo con xustiza. Con esta vontade, Henrique VII mostraba un coñecemento superficial da realidade italiana: ademais das loitas entre faccións inimigas e da hexemonía espiritual da Igrexa, a presenza de Roberto de Anjou e de Federico III de Aragón no territorio facía que o entramado diplomático fose certamente complexo.

As maiores dificultades xurdiron no norte, onde a meirande parte das cidades era partidaria da casa francesa e se resistía á idea de ser vencida por Henrique VII. Durante os anos mozos de Dante, Florencia, independente, era tamén contraria á dominación alemana, que ameazaba desde o norte e, pola contra, máis favorable ós Anjou.

A pesar das tentativas do emperador alemán, non había moitas posibilidades de pacificación, posto que non existía un interese común que levasse a un acordo. O apoio inicial de Clemente V desapareceu cando este se decatou de que unha potencial alianza entre Henrique VII e Federico de Aragón debilitaría o predominio da casa francesa e constituiría unha ameaza que poría en perigo o poder do Papado.

Neste período Dante, xa no exilio, esperaba que Henrique VII privase a Roberto de Anjou do poder acadado, quería que o Papa volvese a Roma e desexaba poder

---

4. Para o desenvolvemento deste apartado baseámonos, principalmente en dúas obras de consulta: O. Capitani et alii, *Comuni e Signorie: istituzioni, società e lotte per l'egemonia*, en G. Galasso (ed.), *Storia d'Italia*, Torino: Utet, 1981 (reimpr. 1992), vol. IV, pp. 196-198. M. A. Ladero Quesada, *Historia Universal Vicens Universidad. Edad Media*, Barcelona: Vicens-Vives, 1987, vol II, pp. 583-586.

regresar á súa cidade natal. A morte de Henrique VII en 1313, antes de atacar Florencia, resolveu este conflito, alixeirando ademais o peso da presenza imperial en Italia.

## Achegamento á actitude política de Dante

O que parece claro, fronte a este nó de insidias políticas, é que Dante adopta unha actitude crítica respecto da orde política existente. É favorable ó Imperio, porque considera que a intervención de Henrique VII devolverá a paz a Italia; pero, sobre todo, defende a liberdade e a independencia da súa cidade natal. Vexamos, por exemplo, unha pasaxe da *Divina Comedia* na que Dante recolle esta idea, poñéndoa en boca de Beatriz Portinari:

Lo maggior don che Dio per sua larghezza  
fesse creando, e la sua bontate  
più conformato, e quel ch'e' più apprezza,  
fu de la volontà la libertate;  
di che le creature intelligenti,  
e tutte e sole, fuoro e son dotate.  
*Paraíso*, canto V, vv. 19-24

As obras de Dante, cada unha de xeito diferente, teñen un fondo político. O autor é consciente da necesidade dunha reforma a nivel político e relixioso e, ó mesmo tempo, comprométese no proxecto da reforma. Para apoiar esta idea, partimos dos seus escritos e da súa experiencia persoal (como Prior da cidade de Florencia e logo como *exul inmeritus*, afastado xa para sempre da Toscana). A *Monarquía*, escrita arredor do ano 1310, comeza con estas palabras:

Sembra che tutti gli uomini che sono stati indotti dalla natura superiore ad amare la verità si riconoscano in questo supremo dovere: come si sono arricchiti del lavoro degli antichi, così dovrebbero lavorare essi stessi per i posteri, affinché questi ricevano da loro nuova ricchezza. È infatti ben lontano dal compiere il proprio dovere chi, informato di questioni sociali, non si preoccupa di recare un contributo allo stato, egli non è «come un albero piantato sulle rive di un corso d'acqua, che dà frutto nella sua stagione»<sup>5</sup>, ma è una pericolosa voragine che sempre inghiotte senza mai restituire ciò che ha inghiottito.

*Monarquía*, I,1

Dante sostén a diferenza que debe existir entre a sociedade civil e a sociedade relixiosa. Nega, polo tanto, o poder político da Igrexa, nunha cidade na que a ideoloxía predominante é precisamente favorable ó Papado (defendida pola facción dos güelfos negros). Mostra do pensamento dantesco é a pasaxe da *Monarquía* que recollemos a continuación:

5. Sanguineti, na súa edición comentada da *Monarchia* (Milano: ed. Garzanti, 1985), identificou esta pasaxe entre comiñas como parte dos *Salmos*, II, 1-3.

Considerati e respinti gli errori principali su cui poggiano quanti affermano che l'autorità dell'Impero dipende dal romano Pontefice, bisogna ritornare a dimostrare la vera soluzione di questo [...] problema, [...] e questa soluzione apparirà sufficientemente chiara se [...] potrò dimostrare che l'autorità dell'Impero dipende direttamente dal vertice di tutto l'essere, che è Dio. [...] quando la Chiesa non esisteva o non esercitava la propria virtù, l'Impero possedeva già intera la propria virtù: dunque la Chiesa non determina la virtù dell'Impero e di conseguenza neppure l'autorità, essendo virtù e autorità dell'Impero la medesima cosa.

*Monarquía, III, 12*

O longo deste razoamento, Dante adopta unha perspectiva histórica e toma como modelo o Imperio Romano. A partir deste exemplo, loado en pasaxes anteriores da *Monarquía*, desenvolverá o seu proxecto dunha Italia liberada da corrupción. Vexamos as características que o autor subliña ó falar dos antigos romanos:

Ma che il popolo romano abbia mirato al bene dello stato sottomettendo a sé l'intero mondo, lo dimostrano le sue imprese, nelle quali, rimossa ogni cupidigia che sempre è di ostacolo al bene dello stato, e amando la pace universale e la libertà, quel popolo santo, pio e glorioso sembra aver trascurato l'utile proprio, mirando a quello comune per la salvezza del genere umano.

*Monarquía, II, 5*

### Ambiente no que se desenvolve a redacción da *Vita Nuova*

Para poder enmarcar a *Vita Nuova*, obra anterior ás que acabamos de citar, temos que volver algúns anos atrás, a unha época na que Dante vive aínda en Florencia e participa nas súas actividades políticas e culturais, chegando a ser Prior da cidade no ano 1300.

Debemos imaxinar un mozo sobre os vintecinco anos, que se encauza politicamente a favor do Imperio, sendo polo tanto contrario ó parecer da meirande parte dos seus concidadáns.

É elixido en varias ocasións como embaixador da cidade, o que deixa entrever a súa toma de conciencia e a súa participación activa na política. Ademais, podemos supoñer que, xunto cos seus amigos e compañeiros, desenvolve un pensamento que logo chegará a ser un proxecto concreto, gracias tamén ós seus estudos e ás súas viaxes a Padua, Boloña, París, Roma...

Neste período respírase o ambiente «democrático» dos Municipios ou *Comuni*. Desenvólvense, aínda así, numerosas guerras entre estes. E as diferencias de opinión, lonxe xa do campo de batalla, a miúdo darán lugar a pelexas entre os concidadáns.

## Os *Fedeli d'amore* e a súa actitude política

¿Por que tería escrito Dante unha obra cun dobre senso? Coñecendo o ambiente político da cidade florentina, un medio de expresión similar non parece, despois de todo, tan sorprendente. Por outra parte, probablemente atopase resposta en composicións poéticas igualmente escuras, escritas por amigos como Guido Cavalcanti. O que sabemos de certo é que pertencían a un grupo político minoritario en Florencia, e este é un motivo suficientemente importante como para adoptar as convenientes medidas de seguridade, coa única finalidade de se protexer.

Probablemente, existirían outros grupos de similar ideoloxía en diferentes cidades de Italia, operando coma eles en segredo ou ben actuando máis abertamente. Segundo as suposicións antes avanzadas, o grupo florentino de Dante sobresaíría por ter utilizado a súa expresión literaria cunha dobre finalidade. As composicións poéticas de argumento amoroso que enlazan coa tradición converteríanse así nunha convincente «coartada» para ocultar un intercambio de ideas políticas.

### A Canción XIX da *Vita Nuova*

#### Premisa

Neste apartado intentaremos dar a nosa interpretación da canción «*Donne ch'avete...*». Xa que non é posible comprobar as conclusións ás que chegaremos, parécenos, por unha parte, que estas poden ser un pouco aventuradas. Por outra parte, queremos levar o tema político-social ata as últimas consecuencias, coa finalidade de desvelar o que de activamente sectario se poida esconder trala loa a Beatrice Portinari, que, ademais de ser a amada de Dante, representa o Amor con maiúsculas, o Amor «intelectual» de tódolos *fedeli d'Amore*.

Debemos engadir que o posible sentido oculto non resta importancia á relación desta composición coa tradición poética, coas características da escola do *Dolce Stil Novo* e coa importancia da figura de Beatrice.

A análise está composta dun comentario das diferentes partes desta canción da *Vita Nuova*<sup>6</sup>. Por outra banda, a división levada a cabo no ten outra finalidade que favorecer a comprensión da interpretación xeral.

#### Análise da composición

Donne ch'avete intelletto d'amore,  
i' vo' con voi de la mia donna dire,  
non perch'io creda sua laude finire,  
ma ragionar per isfogar la mente.

Segundo a interpretación do senso «escuro», as *donne* ás que se dirixe o poeta son os seus propios compañeiros de escola poética. É máis lóxico pensar que o termo aluda ós seus colegas cás mulleres florentinas, xa que logo probablemente Dante non consideraba que estas fosen verdadeiras posuidoras do *intelletto d'amore*.

Refírese a outra muller (*donna*), que representa a actitude de tódolos seus compañeiros e correligionarios, pero sobre todo como concepto: o proxecto político común. Trátase dunha muller que atopamos novamente en moitas outras composicións, non só de Dante (Cavalcanti, Cino da Pistoia, Dino Frescobaldi...) e que, obrigatoriamente debe ser a mesma: o xeito de comportarse do grupo unido e o seu programa político.

Dito isto, partimos da premisa, como posibilidade<sup>7</sup>, de que Dante e os seus compañeiros aínda non foron admitidos nun grupo maior (que probablemente non se atoparía en Florencia), estarían a proba, a metade de camiño entre os proxectos concretos de actuar combativamente en Florencia e a loita xunto con outros grupos polo ideal político dunha Italia unida.

Io dico che pensando il suo valore,  
Amor sì dolce mi si fa sentire,  
che s'io allora non perdessi ardire,  
farei parlando innamorar la gente.

Dante pensa, quizais, na nobreza do seu ideal político, na súa altura espiritual e conceptual, digna de loa. E, se el fose valoroso, falaría disto claramente, de xeito que convencesse os seus concidadáns, alleos a este pensamento.

E io non vo' parlar sì altamente,  
ch'io divenisse per temenza vile;  
ma tratterò del suo stato gentile  
a rispetto di lei leggeramente,  
donne e donzelle amorse, con vui,  
ché non è cosa da parlarne altrui.

Pero o que fai que Dante garde silencio non é o medo de non ser digno do seu ideal, senón o temor de desvelar abertamente o seu pensamento. Teríase afastado dos seus compañeiros e non sería admitido nun grupo máis importante cós seus e, por outra parte, correría o risco de ir á cadea (nunha cidade na que a facción dominante non é a súa). Cremos que, nesta pasaxe, explica o seu motivo para elixir unha terminoloxía ambigua: o desexo de ser interpretado poeticamente polos inimigos e ser perfectamente comprendido polos seus compañeiros, como proba persoal de adhesión e valor.

Angelo clama in divino intelletto  
e dice: «Sire, nel mondo si vede  
maraviglia ne l'atto che procede  
d'un'anima che 'nfin qua su risplende».

7. Apoiaremos esta opinión en parágrafos posteriores.

¿Quen é este *angelo*? Segundo a orixe etimolóxica do termo, pódese tratar dun 'mensaxeiro' que se dirixe ó seu señor. Entón ¿falaríalle ó alemán Henrique VII ou ó xefe dun grupo italiano máis importante có florentino?.

Se consideramos a voz *Dio* como sinónimo de 'sabedoría' deberíamos adoptar unha perspectiva máis ampla e abstracta. Segundo isto, o mensaxeiro loaría a ideoloxía do grupo en termos de abstracción conceptual.

Pero, xa que logo a nosa interpretación do texto pretende seguir a liña político-social antes mencionada, cremos máis ben que este *angelo* é un intercesor que, coñecendo a existencia deste grupiño, se dirixe ó xefe dunha organización meirande, coa finalidade de mediar en favor dos que se acaban de iniciar, para que sexan admitidos no seu grupo.

Lo cielo, che non have altro difetto  
che d'aver lei, al suo signor la chiede,  
e ciascun santo ne grida merzede.  
Sola Pietà nostra parte difende,  
ché parla Dio, che di madonna intende:  
«Diletti miei, or sofferite in pace  
che vostra spene sia quanto me piace  
là'v' è alcun che perder lei s'attende,  
e che dirà ne lo inferno: O mal nati,  
io vidi la speranza de' beati».

Se o termo *Dio* recolle o significado de 'sabedoría', poderíamos entender a voz *cielo* como o 'lugar no que se atopa a sabedoría última'. Tamén pode aludir á sede na que se atopa un grupo político máis numeroso. Seguindo esta segunda posibilidade, podemos supoñer que os membros desta facción lle comenten ó xefe, coñecedor da existencia do grupo de Dante, que os florentinos esperan ser admitidos.

¿Quen é *Pietà*? Podería tratarse de alguén que coñece a situación concreta do grupo. Esta pasaxe parece indicar un cambio de lugar. Quizais a admisión antes citada obrigaría a todo o grupo a residir noutra cidade. Polo tanto, esta personaxe (*Pietà*) pide unha prórroga porque os membros do pequeno grupo florentino son aínda necesarios en Florencia. Deste xeito, cando estes tivesen que marchar, habería alguén que continuase o seu traballo e que podería transmitirilles a outros os seus pensamentos e fazañas.

Madonna è disiata in sommo cielo:  
or voi di sua virtù farvi savere.  
Dico, qual vuol gentil donna parere  
vada con lei, che quando va per via,  
gitta nei cor villani Amore un gelo,  
per che onne lor pensero agghiaccia e pere;  
e qual soffrisse di starla a vedere  
diverria nobil cosa, o si morria.

E quando trova alcun che degno sia  
di veder lei, quei prova sua virtute,  
ché li avvien, ciò che li dona, in salute,  
e sì l'umilia, ch'ogni offesa oblia.  
Ancor l'ha Dio per maggior grazia dato  
che non pò mal finir chi l'ha parlato.

Posto que Dante e os seus compañeiros esperan sumarse a un grupo máis importante, o poeta aproveita para loar as excelencias dos seus, amosando a súa actitude de cara a outros concidadáns. Deste xeito, cando atopan pola rúa os membros da facción inimiga xorde a oportunidade de rifar, porque (parece indicar) os que entran en contacto con eles mudan de opinión para pensar coma eles ou se converten en inimigos mortais. E se, en cambio, se relacionan con alguén digno de participar no seu proxecto, este debe superar unhas probas ata acadar a súa confianza. Unha vez desaparecida toda sospeita, este esquece as probas sufridas e entra a formar parte do grupo.

Dice di lei Amor:»Cosa mortale  
come esser pò sì adorna e sì pura?»  
Poi la riguarda, e fra se stesso giura  
che Dio ne 'ntenda di far cosa nova.

*Amore* é, quizais, outra personaxe pertencente ó grupo máis importante, que, falando cos outros membros, valora positivamente as accións de Dante e os seus compañeiros, loando ademais as súas virtudes, porque entende que o pequeno grupo florentino achega ideas renovadoras.

Color di perle ha quasi, in forma quale  
convene a donna aver, non for misura:  
ella è quanto de ben pò far natura;  
per esempio di lei bieltà si prova.

A cor alude á pureza e ós elevados ideais do grupo. A perla (escondida nunha cuncha) pode interpretarse como o segredo do grupo que opera ás agachadas. A súa reserva é, polo tanto, a xusta moderación e, ó mesmo tempo, modelo e exemplo para outros grupos.

De li occhi suoi, come ch'ella li mova  
escono spirti d'amore inflammati,  
che feron li occhi a qual che allor la guati,  
e passan sì che 'l cor ciascun retrova:  
voi le vedete Amor pinto nel viso,  
là 've non pote alcun mirarla fiso.

O seu modo de proceder amosa sutilmente o seu velado pensamento común. E non dubidan en unirse a outros que teñan a mesma opinión. Pero soamente en secreto deixan coñecer claramente o seu parecer.

Canzone, io so che tu girai parlando  
a donne assai, quand'io t'avrò avanzata.  
Or t'ammonisco, perch'io t'ho allevata  
per figliuola d'Amor giovane e piana,  
che là 've giugni tu dichi pregando:  
«Insegnatemi gir, ch'io son mandata  
a quella di cui laude so' adornata».

Seguindo un modelo literario xa establecido, Dante dirixe a súa composición cara a un público. Neste caso diríxese ós compañeiros de grupo (como dicíamos ó comezo da canción) e a tódolos que coñezan o seu proxecto. Diríxela ós que entenderán o verdadeiro contido da composición e que, polo tanto, son coñecedores do seu programa político.

E se non vuoi andar sì come vana,  
non restare ove sia gente villana:  
ingegnati, se puoi, d'esser palese  
solo con donne o con omo cortese,  
che ti merranno là per via tostana.  
Tu troverai Amor con esso lei;  
raccomandami a lui come tu dei.

A canción será interpretada no seu senso poético polos membros das faccións inimigas, pero se Dante quere ser entendido con máis profundidade, entón deberá facerlles chegar a súa composición ós que comparten as súas mesmas ideas.

## Conclusión

Deixándonos levar pola nosa impresión sobre o ambiente social e político da Florencia dos séculos XIII e XIV, fixemos unha paráfrase interpretativa, quizais dun xeito un tanto libre.

Queremos subliñar, unha vez máis, a importancia da vida política na obra de Dante. Esta atopa o seu reflexo na meirande parte dos seus escritos e, entón, ¿por que habería de ser a *Vita Nuova* unha obra absolutamente diferente das outras? E se a súa temática fose soamente amorosa ¿por que non tódalas composicións son claras e atribuíbles unicamente ó argumento amoroso? Seguramente porque esconden unha idea política.

O ambiente florentino, tan efervescente cultural e politicamente, influíu na redacción desta obra de xuventude do grande poeta, pero ¿ata que punto? Cremos que se oculta unha mensaxe de tema político tralos termos *stilnovisticos*. E, efectivamente, na actualidade estanse a desenvolver diversos estudos<sup>8</sup> que analizan o factor

político-social nesta obra menor, considerada de tema amoroso ó longo dos séculos, como refinado expoñente do *Stilnovismo*.

A composición analizada recolle en si diferentes características, citadas superficialmente neste artigo: a perfección poética acadada, partindo de elementos da poesía *stilnovistica* e a altura espiritual reflectida na canción, que é unha das primeiras loas a Beatrice Portinari.

A posible lectura interpretativa que fixemos vén atenuada polo veo dunha rica tradición literaria e, polo tanto, polo envoltorio no que Dante, quizais, quixo sabiamente esconder a súa mensaxe política. A canción XIX da *Vita Nuova* consta de elementos característicos do estilo literario anterior (amor –corazón xentil– ollos que lanzan espíritos inflamados de amor...) que el puido utilizar ambiguamente coa finalidade de agochar ós ollos estraños este pensamento de expresión tan arriscada.

Aínda poderíamos achegar novos matices á interpretación desta pasaxe da *Vita Nuova* (como indicamos no desenvolvemento da análise que acabamos de facer), dado que a súa clave de lectura é múltiple. Pechamos este artigo conscientes da tarefa de lectura que nos agarda, para alcanzar un coñecemento máis profundo da *Vita Nuova* e dos anos de xuventude de Dante.

*María Teresa Sanmarco Bande*  
Universidade de Santiago de Compostela